



# Boletín de Voluntariado

## Aliad Ultreia

XANEIRO, 2017

### CONTIDO

#### PORTADA

- Da formación á acción

#### O QUE FIXEMOS

- Curso “Da cabeza aos pés”
- Día Internacional do Voluntariado
- Acción de rúa polo 25N

#### O QUE ESTÁ POR VIR

- Prisión
- Muller en vulnerabilidade
- Formación
- Incidencia social e política

## Da formación á acción

Entre setembro e outubro do 2016 celebramos o **curso de formación** “*Da cabeza aos pés. Curso de inclusión social e participación para a transformación*”.

Este curso supuxo un impulso para o voluntariado de Aliad Ultreia por varios motivos.

Dunha banda, permitiu aproximar á cidadanía as realidades de exclusións e vulnerabilidade social coas que traballamos, visualizando a importancia da participación social á hora de impulsar contextos de vida inclusivos e a transformación social.

Por outra banda, do curso derivou a conformación dun grupo de traballo que, en base ás metodoloxías de acción social abordadas durante a formación, organizou e desenvolveu unha **acción de rúa polo 25N**, Día internacional contra a violencia de xénero.

A conformación deste grupo, que se mantén actualmente vinculado a Aliad Ultreia, supuxo a materialización dese **novo enfoque de voluntariado** polo que apostamos.

Estamos falando dun voluntariado que se proxecta dende o suxeito colectivo, vinculado por intereses comúns, coidados e afectos; que se vincula ás accións máis transformadoras da asociación, contribuíndo a fortalecer a súa dimensión política e de incidencia social; e que se incorpora á dinámica de traballo da entidade, participando nas accións de planificación e coordinación.

Dende esta óptica, o 27 de decembro do 2017, tivemos unha **reunión de voluntariado** dirixida a planificar as accións do 2017, na que as técnicas e técnicos de Aliad Ultreia presentaron os proxectos da entidade ás persoas voluntarias, que foron identificando iniciativas de interese e conformando grupos de traballo.

Esta revisión e cambio de modelo polo que apostamos espertou o interese da **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**. O 9 de novembro de 2016, a directora xeral, Cecilia Vázquez, acudiu ás oficinas de Aliad para reunirse co presidente da entidade Manuel Varela Veiga, coa coordinadora de voluntariado, María Barba, e co responsable de proxectos, Manuel Diz. No **encontro** presentouse a proposta de adaptación das accións de Aliad-Ultreia á Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018 da Xunta de Galicia, así como a outros documentos e orientacións, na promoción dun voluntariado transformador. Aproveitouse tamén o para coñecer as liñas de acción previstas pola Consellería nesta área e trasladar as necesidades do sector e reaxustes que sería preciso incorporar en futuras convocatorias.

Foron estes tamén tempos de celebración, de festexar que a cidade de Lugo ten unha cidadanía comprometida coa transformación social, polo que nos xuntamos como cada ano, o 5 de decembro, no **Día Internacional do Voluntariado**, nunha acción de rúa impulsada dende a Rede Lucense de Voluntariado.



## Curso “Da cabeza aos pés”

Con las pilas cargadas, el día 30 de setembro de 2016, comenzaba el curso de inclusión social y participación para la transformación “DA CABEZA AOS PÉS” organizado por la asociación Aliad Ultraia, en el salón de actos de la residencia universitaria Val y Gay (Lugo), de la mano de una gran ponente Carmen Morán de Castro y de un taller práctico, sobre el teatro de la escucha, impartido por Paola Bretones y Luis Cerna que fueron los que encendieron la mecha... que se acabo convirtiendo, en las siguientes sesiones, en una gran explosión no solo de conocimientos sino de replanteamientos, posicionamientos, etc.

La verdad es que ha sido una experiencia intensa a la vez que enriquecedora, gracias a los magistrales ponentes y al grupo de participantes que

nos reunimos con las ganas de aprender más para desempeñar mejor y con mayor alcance nuestra labor. Los diálogos y los enfoques nos permitieron construir nuevos conocimientos y cuestionarnos sobre los ya aprendidos (Regular la prostitución ¿sí o no?). Ha habido muchos ratos de encuentros, espacios para conocer iniciativas muy interesantes de transformación social en temas muy complejos que van desde drogadicción,... a la prisión o a la prostitución, todos ellos enmarcados por una realidad de exclusión social latente.

Pocas veces se siente una sensación de fuerza colectiva tan grande como cuando te reúnes con mentes afines dándole vueltas durante cuatro días a cómo se puede hacer para que las iniciativas

presentadas, puedan des- prender todo su potencial transformador... y sin lugar a duda esa es la sensación con la que me fui del curso, después de compartir 25 horas intensas de conocimientos, lecciones, reflexiones, contradicciones, miedos e ilusiones.

Muchas gracias por este empujón hacia delante, por enseñarme algo que no está escrito en los manuales de formación y es la manera de transmitir la ilusión y las ganas siendo el ejemplo mismo. Este será uno de esos cursos para recordar durante mucho tiempo y vosotros seréis personas a las que mencionar a menudo con gusto de haberlos conocido.

(María Rodríguez, publicación [no blogue](#))

## Día Internacional do Voluntariado

A Rede Lucense de Voluntariado organizou o luns 5 de decembro en Lugo a celebración do Día Internacional do Voluntariado, unha xornada de sensibilización na que promocionar e reivindicar a participación social a través de accións solidarias, no marco dos proxectos que levan a cabo as entidades que integran a Rede.

Foi unha xornada lúdica no Mercado de Abastos, con

obradoiros de animación (pintacaras, xogos) e colaboracións especiais como a *Maxia a cargo de Nacho Samena* e *as actuacións da Escola de Danza Gravitty* e *Rap con Corti Time*.

Neste Día Internacional do Voluntariado quixemos facer visible o voluntariado, como unha actitude ante a vida, **“Voluntariado, unha viaxe apaixonante”**.

# Acción de rúa polo Día Internacional Contra a Violencia de Xénero (25N)

O pasado venres 25 de Novembro, Aliad Ultra participou xunto con outras empresas e asociacións, e tamén xunto co concello, nun acto que este organizaba e que formou parte da campaña “**En negro contra a violencia**”.

A equipa de Aliad e algunhas persoas voluntarias ademais de participar, fixemos algunha acción pola nosa conta.

Dende hai un mes máis ou menos, reunímonos varias veces para levar a cabo unha acción que acadou o nome de “**Mapeando o machismo**”. Esta acción consistiu en pasar un cuestionario (cedido por Conas Ceives) a diferentes mulleres de Lugo para que identificaran se sufriron algún tipo de violencia machista, e en que punto da cidade ocorreu. Cando tivemos os resultados, marcámoslos no mapa cun símbolo distinto para cada violencia. Ese mapa figurou na parte dianteira do tríptico que fixemos, xa que na parte traseira escribiuse un manifesto para este día, cun lema moi representativo que di “**Nas rúas da cidade de Lugo non quero ser valente, quero ser libre**”.

Tamén se decidiu que ademais do tríptico, sería interesante facer unhas pegatinas para alertar á poboación de onde houbo algún tipo de violencia según os puntos do mapa e logo pegalas preto dos puntos sinalados. As pegatinas quedaron moi orixinais, transformando as sinais de tráfico de “Tramo de concentración de accidentes” por sinais de “Tramo de concentración de violencia machista”.

Cara a unha do mediodía do venres, a equipa de Aliad e voluntariado fumos cara a muralla. Alí, situámonos na parte de atrás da Catedral xunto con outras asociacións e colexios. Cando chegou a hora, desplegamos a tela negra e soltamos os globos negros que antes nos repartiran.

Cando iso rematou, iniciamos o noso camiño cara a Deputación para asistir a outro acto que alí se daba e no traxecto aproveitamos para repartir os nosos trípticos. Cando chegamos alí, un grupo de persoas pediunos a súa colaboración para axudarlles no seu acto, que consistía en dicir o nome de cada muller asasinada por violencia machista neste ano, a data na que ocorreu de de onde era a rapaza.



Nós aceptamos sen dubidalo. Puxémonos en círculo e cada persoa tivo que dicir o nome dunha muller vítima deste tipo de violencia. A verdade e que nos pareceu moi importante que estas mulleres tiveran esta representación.

Por último, añadir que quedamos moi contentas con esta acción. Inda que levala a cabo foi laborioso, sempre reconforta saber que o estás facendo por un ben común e en parte tamén para darlle voz ou rendirle unha homenaxe a todas aquelas mulleres que no seu momento non a puideron ter.

¡Nas rúas da cidade de Lugo non quero ser valente, quero ser libre!

Sara Santiso (voluntaria, [publicación no blogue](#))

**PRECAUCIÓN**

**TRAMO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES**  
**VIOLENCIA MACHISTA**

Segundo a plataforma [Femicidio.net](#), no que vai de ano xa son 50 as mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas. Os datos son alarmantes, pero a violencia contra as mulleres vai moito máis aló destas cifras. Fala de violacións, violencia sexual, psicolóxica e física repetida ao longo da vida de milleiros de mulleres, a trata e a explotación sexual, as humillacións e acosos públicos e privados...

Neste día de loita queremos visibilizar que a violencia machista ten moitas facetas. As mulleres, polo feito de ser mulleres, temos que vivir de forma cotiá situacións desagradables de acoso ou de violencia por parte de persoas coñecidas ou descoñecidas, non só no ámbito privado senón tamén na vía pública.

Tantas manifestacións e tan recorrentes evidencian que non son casos illados, senón formas de perpetuar a desigualdade entre homes e mulleres.

Reivindicamos rúas seguras, respectuosas coas persoas, algo que nos compromete a todas e todos, axentes sociais, institucións e cidadanía. Só co teu recoñecemento social lograremos acadar unha sociedade máis libre, xusta e equitativa. Fixemos mozo o lema feminista:

**NAS RÚAS DA CIDADE DE LUGO NON QUERO SER VALENTE, QUERO SER LIBRE**

Acción desenvolvida por un grupo de voluntarias de:



Coa colaboración de:



**PRECAUCIÓN**

**TRAMO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES**  
**VIOLENCIA MACHISTA**

Os tramos de concentración de violencias machistas son tramos da cidade de Lugo nos cales se teñen producido agresións sufridas na colección de número 1. Un punto negro pode ser delimitado a diversos casos, entre os que se destacan:

- Sexual (acoso sexual, que te toquen sen o teu consentimento, violación)
- Física (golpes, empurres, feridas...)
- Psicolóxicos (insultos, chantaxe emocional, intimidación, violencia simbólica: staxagos á vía autonómica, desprego ao teu fustro, formas de vomitar, insultos, etc.)
- Femicidios (murturas de mulleres)
- Algunhas delas suaradas pola internacionalidade de discriminacións baseadas en cuestións de orientación sexual, racismo ou xenofobia, gordofobia, pertenza a colectivos vulnerables, etc.



Mapeo das violencias machistas na cidade de Lugo

**ELIMINÉMOLAS DO MAPA!**

25 N Día Internacional contra a Violencia de Xénero

# O QUE ESTÁ POR VIR

O 27 de decembro de 2016 tivemos unha reunión de planificación coas persoas voluntarias. De dito encontro xurdiron as liñas de acción para este 2017:

## PRISIÓN

- Atendendo a que hai un grupo de voluntarias formadas e interesadas pola temática de xénero, contarase con elas para planificar e desenvolver o **obradoiro de xénero** que se desenvolve na **prisión de Monterroso**, cunha duración de 6 sesión de traballo, dentro do Programa de Preparación para a Liberdade.
- **Obradoiro de emocións na prisión de Monterroso**, tamén dentro do Programa de Preparación para a Liberdade. Hai persoas interesadas en traballar o tema de emocións dende o teatro, con experiencia profesional neste eido, que xa teñen colaborado previamente vinculadas a outros programas da entidade (Plan de Animación Sociocultural na prisión de Monterroso).
- **Acompañamentos en permisos de saída**, participando da planificación dos mesmos e no propio acompañamento. Neste sentido, primarase o contacto coas persoas voluntarias que xa coñezan á persoas presa que sae de permiso.

## MULLER EN VULNERABILIDADE

- **Obradoiros en centros educativos**. Hai varias persoas voluntarias interesadas na temática de xénero que se suman a esta iniciativa para planificar as accións de formación a realizar en centros educativos no curso escolar 2017-2018, vinculado á materia de xénero que os centros poden seleccionar como optativa para primeiro ciclo da ESO. O curso escolar que vén prevese realizar a formación en dous centros.
- **Visitas a prostíbulos**, cun voluntariado formado que ten experiencia de traballo en prácticas na entidade, que coñece os nosos enfoques e formas de actuación. Participan da planificación e desenvolvemento de obradoiros de educación para a saúde, de recursos sociais da cidade de Lugo, ou outra formación que poida ser de interese para as mulleres.

## FORMACIÓN

- Algunhas das persoas voluntarias dan continuidade á liña de colaboración na que se implicaron no 2016, participando na docencia dos  **cursos de formación**  que desenvolvemos: curso de nacionalidade, de preparación do graduado en ESO, de informática, ou doutras temáticas de interese para os colectivos cos que traballamos.

## INCIDENCIA SOCIAL E POLÍTICA

- As persoas voluntarias participan de **campañas e acción de rúa** polos días sinalados do ano -"Día de..."- así como ante realidades ou vulneracións de dereitos concretas que poidan xurdir e que demandan unha resposta colectiva por parte da cidadanía.

E todo isto acompañarase de accións de **FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO** para facer deste un proceso pedagóxico-práctico de transformación social.

### Contáctanos en:



Rúa Milagrosa, 99 - 101, 21003, Lugo  
Horario de atención ao público:  
De luns a venres: de 10 a 14  
Xoves á tarde: de 16:00 a 18:00

Teléfono: 982251948  
Fax: 982251948  
Correo: [voluntariado@aliad.org](mailto:voluntariado@aliad.org)  
Páxina web: [www.aliad.org](http://www.aliad.org)

Coa colaboración de:

